

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0002/22 presentada pola entidade promotora GESCOMAR GALICIA, S.L.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm **P09-VC-0002/22**.

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

RÚA PRADO NOVO, PARCELA 11 – Valdecorvos - Pontevedra

Forma de acceso: **Compra**

Estado de execución: **Data prevista de remate das obras: Verano de 2023**

Número e tipoloxía das vivendas: **Unifamiliar adosado**

Vivendas de 3 dormitorios. Superficie útil: entre 111,18 e 114,57 m²

Prezo de venda:

Entre 195.981,85 € e 200.958,79 €

Forma de pago:

40% á sinatura do contrato, 60% hipoteca

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos ou que teñan solicitude de inscrición no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010.

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Asdo.: José Manuel González González

